



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO DO MARCO DO PROGRAMA “COMO NA CASA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario xeral técnico da Consellería de política social, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura en canto subsistan as circunstancias que motivaron a súa sinatura, tendo unha duración máxima de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a FAO e a Consellería de Política Social para a construción e posta en funcionamento de sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores (en adiante, os “Centros de Maiores”), sitos nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Ambas institucións consideran que a realización das actuacións recollidas no plan “Como na casa” redunda de xeito positivo no eido da defensa do intereses públicos que





lles competen, estando interesada a FAO en contribuír ao mesmo mediante a construción e equipamento destes centros residenciais, polo que acordan levar a cabo actuacións de colaboración que permitan a posta en marcha do plan, “Como na casa” por parte da Consellería de política social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

A Secretaria xeral da Consellería de Política Social

María Francisca Gómez Santos

